

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA PARA ACTIVIDADES CIENTÍFICAS, PEDAGÓXICAS, DE INVESTIGACIÓN E OUTRAS DE INTERESE PARA AS PARTES NO ÁMBITO DA MEDICINA XENÓMICA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde, a Consellería de Sanidade e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica formalizaron coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de dous anos dende o día da súa firma (16 de xaneiro de 2019).

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer un marco de actuación para a colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de actividades científicas, pedagóxicas, de investigación e outras que sexan de interese para as partes no ámbito da medicina xenómica.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

É de interese común das partes convenientes o desenvolvemento de actividades científicas, pedagóxicas, de investigación e outras no ámbito da medicina xenómica, en tanto que, todas as partes teñen como función básica a prestación dun servizo público á sociedade.

As partes están de acordo en sumar os seus esforzos para establecer unha colaboración en campos de interese común no ámbito da medicina xenómica (análises de ADN, asesoramento científico-técnico, cooperación formativa).

Para a materialización dos proxectos en desenvolvemento do obxecto deste convenio, no marco das súas dispoñibilidades orzamentarias, deberán firmarse acordos ou convenios específicos de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

